

A MORTE OU A VIDA

Alén era un soldado modificado por científicos, el prestárase voluntario para ese experimento, era unha arma para á guerra, pero a el gustáballe o que facía. Ía ás guerras, nunca deixaba feridos, só mortos.

Pasou o tempo e as guerras acabaron, así que Alén tiña que buscar unha vida normal no lugar onde viviran os seus pais. Todos os seus veciños odiábano, el trataba mal a todo o mundo, ata que un día coñeceu a Branca, e a súa vida cambiou. Ela era a rapaza máis dócil do pobo, e os dous quedaron namorados. A xente non entendía o que vía Branca naquel home.

Alén e Branca tiveron un fillo, Adrián. Alén menosprezábao, el non quería ter fillos. A Alén dáballe igual que fora o seu fillo, tratábao coma todos os demais, el so quería a Branca. Á nai do neno non lle parecía ben que tratase daquela maneira o neno, así que sempre estaban discutindo. O pobre pequeno creceu entre pelexas constantes e duros adestramentos do seu pai para que se convertera nun soldado sen sentimentos coma el. Alén pensaba: «Xa que naceu, que polo menos lle sirva de algo ao exército».

Unha mañá de inverno, un grito de muller espertou a Adrián, saíu da cuarto correndo. Seu pai tamén se decatara daquel berro, foron á cociña e aí estaba a súa nai, tirada no chan, cun corte horizontal na fronte e un puñal cravado na barriga. Alén mandou o neno para ao seu cuarto, e o neno sen queixarse obedeceu; o soldado quedou mirando para o cadáver da súa muller, mentres pensaba: «Por unha vez que aprecio a alguén, acaba morta!». Este, enfadado, chamou a policía e levaron o corpo.

O enterro de Branca foi en febreiro, asistiu todo o pobo. Alén xa estaban farto de que todo o mundo lle dera o pésame e Adrián quería fuxir daquel lugar. Cando o

enterro rematou, os tíos do neno, o irmán de Branca e a súa muller, acercáronse a eles dous.

-Alén, xa sabes que se precisas axuda co neno nos tes aquí.

-Deixádeme en paz.

Levou a Adrián do cemiterio, dáballe igual que Emilio, o irmán de Branca, perdera a súa querida irmá. El perdera o amor da súa vida e pensaba que non había nada comparado con iso.

Durante os seguintes anos Alén seguiu cos duros adestramentos de Adrián para que se convertese no mellor soldado, e nin sequera lle deixaba ir ao colexio. Xa estaba farto daquela vida, e do seu pai. Ata que unha mañá o exército chamou a Alén:

-Comandante Alén Folgueira, a guerra volve estalar, precisamos da súa axuda na fronteira. -Di o Capitán Oroza.

-Vou agora mesmo. -Contesta Alén, entusiasmado ao saber que volvía a ser un soldado.

-Sei que ten un fillo e o ten que coidar, non é obrigatorio que veña, aínda que estaría moi ben ter unha máquina de matar na fronteira.

-Repito, vou agora mesmo. -E colgou.

Vai ao cuarto de Adrián a espertalo e dicirlle que marcha para a guerra.

-Mentres non volvo quedarás na casa dos tíos Emilio e Carolina, quero que sigas cos adestramentos diarios, se non, cando regrese dareime conta. Agora, fai a maleta.

-Está ben, pai. -Contesta o neno.

Ao chegar á casa dos tíos, Alén e Adrián despídense cun «Nin se che ocorra non adestrarte». «Seino».

Adrián xa ten 11 anos. Un día chégalles á casa unha carta:

Bos días, son o Capitán Oroza, sinto comunicarlles que o Comandante Alén morreu nunha emboscada do inimigo, supoño que o pillarían desprevido. Sinto moito.

Saúdos

Adrián non sabía se estar triste ou contento pola suposta morte do seu pai.

-Adrián, queres que te deixemos só?, hai algo que poidamos facer por ti? -Díxolle a súa tía.

-Non, estou ben, non pasa nada.

Xa é o día do enterro de Alén. Despois dun tempo, que a Adrián se lle fixo interminable, o enterro termina e os seus tíos van indo para o coche. Adrián queda contemplando a tumba do seu pai, cando unha veciña, a señora Vilar, achégaselle:

-Sinto o de teu pai, fillo. -Dille.

-Eu non. -Vai para o coche.

Despois duns días uns homes chaman á porta e Carolina ábrelles. Dinlle que teñen que levar a Adrián a un orfanato ata que comproben que eles son os parentes máis próximos. Despois de opoñer resistencia, os homes conseguen marchar con Adrián.

No orfanato coñece unha nena, Uxía, que se convertería na súa mellor amiga para sempre, e fanse inseparables. Uxía contoulle que os seus pais desapareceran no mar un día que foran nun barco para unha viaxe de traballo e o barco non regresara.

A Adrián, aínda que pareza raro, gustáballe a súa vida no orfanato, pois non tiña a seu pai para berrarlle, aínda que seguía co adestramento. Ata que un día chegaron os

mesmos homes que o trouxeran alí e dixéronlle que, en efecto, que os seus tíos Carolina e Emilio eran os seus parentes máis próximos. Despois de despedirse de Uxía e prometerlle que seguirían véndose, chegou á casa dos tíos, que o abrazaron fortemente.

Agora leva unha vida tranquila, segue vendo a Uxía, e na escola coñece a Vítor, e fanse mellores amigos. Un día preséntalle a Uxía, e leváronse xenial, agora sempre están os tres xuntos.

Xa é o dezasete aniversario de Adrián, comen todos xuntos, os seus tíos, Uxía, Vítor e el. Despois da sobremesa o seu tío Emilio dille que ten un agasallo moi especial para el, e ensínalle unha caixa de madeira. Adrián ábrea e atopa dentro unha pistola.

-Era a pistola do teu pai, el regalouma e pensei que sería mellor que a tiveses ti. -Di Emilio.

O seu tío pensaba que lle gustaría, pero a verdade é que non lle fai moita graza ter un recordo do seu pai, pero non quere desilusalos.

-Grazas, tío, encántame. É o mellor regalo que poderían facerme.

Ao día seguinte Adrián érguese pronto. Escoita na televisión que pola noite desapareceu unha muller e que o seu nome é Dalia González Toxo, aparece unha foto da muller, e que se algún veciño ten algunha información valiosa debe acudir á comisaría de policía. A súa tía asustouse, pero Adrián tranquilizouna dicíndolle que non era para tanto, e que seguro que aparecería pronto. Pero ao paso dos días as desaparicións e os asasinatos

aumentaron, tamén había veciños que afirmaban ver cousas e escoitar ruídos estraños pola noite. Un día deses, Uxía chamou rapidamente a Adrián e Vítor dicíndolles que foran ao bosque porque lles tiña que contar unha cousa.

-Teño que contarvos unha cousa, pensei que non volvería pasar, pero estaba durmindo, e pasou. -Contoulles ela.

-O que? -Dixo Vítor.

-Tiven unha visión sobre o futuro, non me pasaba desde pequena, e pensei que nunca máis volvería ocorrer.

-Que visión tiveches? -Di Adrián, preocupado.

-Ti sabíalo? Porque ti o sabías e eu non? -Contesta Vítor, indignado por non saber nada sobre o tema.

Adrián e Uxía ignóranos.

-Estaba nunha casa, escura, e oíanse gritos do piso de arriba da casa e, como... un coitelo afiándose, pero, cando me dei a volta, volvía estar na meu cuarto. -Di ela.

-Guau! É alucinante. Tes poderes! -Di Vítor, esquecendo a súa indignación porque non lle contaran nada.

-Non son poderes, son dons. E prefería non telos, a verdade.

-Dis que se oían gritos e un coitelo? -Di Adrián sen prestarlles atención antes.

-Si, e ten que estar relacionado con estes asasinatos e desaparicións. -Di Uxía.

-Iso era xusto o que estaba a pensar. -Di Adrián.

-Si..., eu... tamén. -Di Vítor sen ter claro como o fiaran.

-Hai que descubrir quen está facendo todo isto e por que.

-Di Adrián, decidido.

-Non creo que sexa boa idea, oín que pode tratarse de pantasmas ou espíritos que buscan vinganza por algo que lles ocorrera na súas vidas. -Di Vítor, con medo.

-Eu non creo en pantasmas. -Din Adrián e Uxía ao unísono.

-Está ben, pero se despois aparece algún pantasma ou Baba Yaga..., advertinos.

Ao día seguinte quedaran na biblioteca por ver se atopaban algunha casa igual que a da visión de Uxía pero Vítor pasou as dúas primeiras horas a mirar libros sobre Baba Yaga, e como inverter as súas maldicións, ata que Uxía e Adrián lle puxeron as pilas. Xa pasaran catro horas dende que comezaron a buscar.

-Xa o teño! O 26 da Rúa de Granito. -Di Vítor, emocionado. Compróbanko e, en efecto, era esa casa! Saíron da biblioteca a fume de carozo e dirixíronse ao enderezo que poñía no libro. Cando chegaron á casa, a porta estaba entornada.

-Non, non, non! Non penso entrar aí. Sempre cando sabes que nunha casa vai ocorrer algo malo, chegas a esa casa e encóntraste a porta arrimada, e non é bo sinal. -Di Vítor, preocupado.

Uxía e Adrián non lle fan caso e entran.

-Por que ninguén me fai caso nunca?! Ei, non marchedes sen min! -Di Vítor.

Dentro da casa todo está patas para riba, hai unhas escaleiras que levan ao piso de arriba, onde escoitara Uxía os gritos. Cando soben, entran no cuarto máis próximo, e encontran un home e unha nena mortos, tirados no chan.

-Ai, deus! Están mortos! -Di Vítor asustadísimo.

-Chegamos tarde. -Di Uxía.

Adrián observa mellor os corpos e, non o pode crer, os dous teñen un corte horizontal na fronte e un puñal cravado na barriga, igual que cando asasinaran a súa nai. Achégase aos corpos, o home segue vivo.

-Quen lle fixo isto? -Di Adrián.

-Co-coi...dado, é... unha... trampa -Di o home.

-Trampa?

-Adrián, coidado! -Di Uxía, ao ver que un encapuchado se aproxima a el con outro puñal.

Adrián dá a volta, e con sorte, ten bos reflexos, para o golpe, Uxía lanza unha patada, que manda o encapuchado contra o armario do cuarto. Escápanse pola ventá, e por primeira vez agradece os adestramentos do seu pai. Despois de estar correndo sen parar bastante rato, paran, e escoitan as sirenas dos coches de policía acercarse á casa.

-Que foi iso? -Pregunta Vítor.

-Unha trampa, parece que dalgún modo fixo que vira esa visión, síntoo, case fago que vos maten -Di Uxía.

-Referíame a como Adrián parou ese golpe e a pedazo patada que lanzaches.

-Os nosos pais adestrábanos. E, Uxía, non tes que sentir nada, agora temos pistas. -Di Adrián.

-A si? Cales? -Pregunta Vítor, que non se decata de nada.

-Que o asasino é o mesmo que matou a miña nai, quero dicir, asasinos.

-Como o sabes? -Pregunta Uxía.

-Deixou a mesma marca, o punto débil dos artistas.

-E como sabes que son varios asasinos? -Di Vítor.

-Levaba unha cadea de ouro, posiblemente dun club, e non levaría esa cadea para cometer asasinatos arriscándose a que algún do club o recoñecera.

-Adrián, acábasme de deixar sen palabras. -Di Vítor.

-Está ben, isto é o que faremos: Uxía, cando teñas outra visión, chámanos rapidamente e, esta vez, chegaremos antes ca o asasino. Agora imos á biblioteca, necesitamos saber de que club é o colgante para ver a que nos enfrontamos.

Na biblioteca atoparon o club a onde pertencía ese colgante.

-Espadachín? Quen lle pon ese nome ao seu club?
-Pregunta Vítor.
-Un asasino? -Di Uxía.
-Segundo isto, para entrar tes que saber manexar moi ben a espada ou o puñal. Agora xa non é unha teoría, os socios do club son os asasinos.

Á noite Uxía ten outra visión, pero esta vez non era unha casa descoñecida, era a casa de Vítor. Esperta suando, temendo polo seu amigo. Vítor vive coa súa nai e a súa irmá pequena, Lúa; os seus pais están divorciados, así que o pai vive na cidade. Chama velozmente a Vítor e a Adrián, dille a Vítor que saque a súa nai e a súa irmá da casa e que vaian con el. Quedaron no bosque.

Adrián trouxo a pistola do seu pai, pero non pensaba utilizala sempre que non fose necesario. Uxía levaba a espada coa que sempre practicaba co seu pai e a Vítor non lle dera tempo de coller nada polo medo. Despois de discutir sobre que decisión tomar, quedaron en levar a nai e a Lúa á policía e ocuparse eles do asasino. Na comisaría non os tomaron moi en serio, pero, ao velos tan preocupados, dinlles que poden quedarse alí mentres tanto. Cando se dispoñían a marchar chega un home duns corenta anos, o xefe de policía.

-Quen sodes? -Pregunta o xefe.
-Só somos uns rapaces que queren deixar segura a súa familia. -Di Adrián.
-Por que? Que ides facer tan perigoso?
-Nada. -Di Uxía, soando pouco convincente.
-Está ben. -Marcha.

En realidade, Sebastián, así era como se chamaba o xefe de policía, non lles crera nada, e sabía que tramaban algo, así que cando saíron da comisaría, Sebastián seguíunos.

Foron prepararse para cando viñera o asasino á casa de Vítor. Mentres estaban planificando como ían derrotalo, Sebastián estaba observando todo dende uns arbustos. O asasino chegou antes do previsto, e colleu desprevido a Vítor, Uxía e Adrián dispuxéronse a contraatacar antes de que lle fixera dano ao seu amigo, pero o que non sabían era que se encontraban outros dous membros do club Espadachín detrás deles, e agarráronos, deixándoos inmobilizados.

-Que vos parece se desta vez os detectives teñen unha morte dolorosa, en vez de rápida coma as outras presas?

-Dixo un deles.

-Paréceme xenial. -Di outro.

Sebastián, que o observou todo, entrou pola ventá e disparoulles aos individuos, quen caeron ao chan mortos.

-Non hai de que. -Di Sebastián.

-Seguíchesnos!? -Di Adrián, enfadado.

-Si, e tamén acábovos de salvar a vida.

-Pero seguíchesnos.

-Se non fora por seguirvos, agora estariades mortos. Ademais, mentísteslle á policía.

-Adrián, ten razón, se non fora por el, non estaríamos aquí.

-Di Uxía.

-Está ben, e mentimos só porque era necesario. -Di el.

-Por que facedes isto? -Pregunta Sebastián.

-O que? -Di Vítor.

-Poñer en perigo a vosa vida para descubrir por que se causan estes asasinatos, pensei que xa era obvio. Por que o facedes?

-Se pasan cousas malas e ti podes facer que non pasen, e non fas nada, a culpa é túa. -Di Adrián.

Nese momento Sebastián viu algo nel que fixo que cambiase de opinión sobre el.

-Está ben, a policía non vai deixar que uns nenos traballen na investigación, así que, se vos parece ben, nosoutros catro traballaremos xuntos. Eu dígovos o que sabemos e vós me dicides o que sabedes. Traballo en equipo. -Di Sebastián.

-Pero ti es o xefe, ti mandas. -Di Vítor.

-As cousas non funcionan así, se fago esa barbaridade bótanme do meu posto.

-Pero se che dicimos o que sabemos, a policía tamén o vai saber, e iso non nos convén a nós, porque sería como se non fixéramos nada. -Di Uxía.

-Non sería como que non fixerades nada porque eu sei que si que fixestes.

-Pero os demais non. -Di Uxía.

-Este é o trato, xefe Sebastián: contámosche o que sabemos e ti a nós o que sabes ti e levamos unha investigación xunta, pero ti tes que traballar coa policía só co que saben eles. -Di Adrián.

-Es moi astuto rapaz. -Di Sebastián, vendo que non lle queda outra opción. -Agora contádeme todo.

-Ti primeiro. -Di Vítor.

-Se che fai ilusión. Pensamos que os asasinados poden formar parte de algo así coma os Cabaleiros da Mesa Redonda, porque, como xa vistes, son varios.

Adrián, Uxía e Vítor míranse aguantando a risa.

-Non forman parte dos Cabaleiros da Mesa Redonda, forman parte do club Espadachín. -Di Uxía.

-Do club Espadachín?! É unha información de moito valor! Espera, o axente Pelaio forma parte dese club.

-Pois o axente Pelaio é un traidor. -Di Vítor.

-Vaia, levámonos bastante ben.

-Síntoo, seguro que parecía un bo tipo. -Di Vítor, consolándoo.

-Si, si que o parecía, e ademais traíame café todos os días. Agora que vai estar no cárcere, quen me vai traer o café? -Di o xefe de policía.

-Doe cando a persoa que che trae café te traizo.

-Podemos seguir compartindo información en vez de falar sobre o axente Pelaio!? -Di Adrián, dos nervios.

-Si, si, claro. Sabemos en que casas van atacar. -Di Sebastián.

-Como? -Pregunta Uxía, perplexa. Porque aínda que ela tivese visións do futuro sobre os asasinatos, non vía todos.

-É unha parvada o que fan, a primeira casa en ser atacada foi a 12 da rúa Abeto, a segunda a 18 da rúa Castelao, a terceira a 6 da rúa Ernesto; e con ese patrón, restando seis e sumando seis e as rúas deixando unha letra por medio.

-Quedei impresionado, a verdade. -Di Adrián.

-Non sodes os únicos que pensan. -Di Sebastián, satisfeito. -Aínda que que atacaran a casa de Vítor, pilloume por sorpresa.

-Iso faríano para que non seguísemos investigando. -Di Uxía.

-Supoño. -Di Sebastián.

-E non sabedes nada máis? -Pregunta Adrián.

-Non.

-Eu pensando que sería eficaz traballar contigo... -Di Uxía.

-Que graciosa. Agora o que sabedes vós, e por favor decídeme que non é só o do club.

-O do club era información moi valiosa, máis cá túa, por suposto; e non, non é o único que sabemos. -Di Vítor, indignado.

-Pois, a ver, que é o que tedes vós.

-Os asasinados deixan unha marca, un corte horizontal na fronte e un puñal cravado na barriga. -Di Adrián.

-E...? -Di o xefe pensando que tiña que ver.

-E que son os mesmos que mataron a miña nai cando era un neno.

-Espera, espera, espera. Ti es Adrián Folgueira?

-Si.

-Eu levei o teu caso hai 10 anos. Era tan novo! -Di Sebastián recordándoo como se fora onte.

-Non o resolviches. -Di Adrián, molesto porque deixara o caso da súa nai como irresoluble.

-Daquelas non se podía resolver, pero agora si.

-Prométesme que imos descubrir por que mataron a miña nai? -Di Adrián con esperanza.

-Prométocho. -Contéstalle Sebastián, feliz de ter unha segunda oportunidade de resolver o caso Branca Folgueira.

-Precioso, queres que che sigamos dando información? -Di Vítor

-Si, si, claro. -Di o policía.

-Uxía ten poderes. -Di Vítor.

-Poderes?

-Non, non son poderes, é un don. -Di Uxía.

-Que don? -Di Sebastián con curiosidade.

-Teño visións sobre o futuro, dos asasinatos, neste caso.

-Ves o futuro?

-Si, pero por agora só tiven visións sobre a casa onde mataron un home e súa filla e da de Vítor. -Di Uxía.

-Un don moi útil. -Di Sebastián.

-Agora, alguén ten unha idea sobre o que facer? -Pregunta Vítor.

-Lin que o mércores se organiza unha festa no club Espadachín, por se vos serve de algo. -Di Sebastián.

-Teño unha idea, -Di Adrián, convencido. -coarémonos nesa festa, despois os teus corpos de policía acurrálanos, loitamos contra eles se fai falta e gañamos.

-Dito así, parece bastante fácil. -Di Uxía.

-Eu non vexo por que non probar. -Di Vítor.

-Eu tampouco. -Di Sebastián.

Ao final quedaron con verse os catro o mércores ás nove da mañá para prepararse para contraatacar no seu territorio.

Ao día seguinte todos fixeron como se todo fose normal. Adrián, Vítor e Uxía foron ao instituto, e Sebastián, á comisaría finxindo que seguía tan perdido no tema coma antes. Pola tarde, a Vítor entráronlle os nervios.

-Non pensades que igual é mala idea coarse nunha festa repleta de asasinos? Non vos parece un pouco de suicidas? -Di Vítor con medo.

-A Uxía e a min adestráronos para pelexar e estamos co xefe de policía, todo vai saír ben. -Contesta Adrián, intentando tranquilizalo.

-Tes razón, non vai pasar nada malo, pero... e se nos atopamos con Baba Yaga? Aí xa estamos perdidos.

-Vítor, a bruxa Baba Yaga é inventada. -Di Uxía, farta.

-Non sei eu... e que semella tan real.

O mércores foron os catro moi puntuais, querían que todo saíse segundo o planificado. Sebastián contoulles que avisara a todos os axentes para que rodearan o edificio do club cando el mandara.

Unha hora antes da festa, todos ían cargados coas súas armas, Sebastián levaba as súas dúas pistolas con moitas balas de recambio por se acaso, Vítor levaba encima outras dúas pistolas e máis balas de recambio, Uxía levaba uns puñais e unha pistola e Adrián levaba a pistola do seu pai e unha espada. Para ser tanta cousa, camuflárono moi ben nos traxes.

Xa era hora da festa, e daban ganas de botarse para atrás e esquecer todo isto, pero non podían, tiñan que facelo, así que entraron os catro decididos no edificio do club Espadachín. Cando pasaron a sala onde se celebraba a festa, todo parecía normal, un club normal, pero en realidade non o era. As paredes estaban decoradas con espadas de diferentes bordados, épocas e culturas, vamos, que ao club Espadachín encantábanlle as espadas. Despois de pasar media hora na festa, ninguén se dera conta da súa presenza, ou eso crían.

-Vou dar a orde para que acurralen o edificio. -Di Sebastián, coa dúbida na cabeza de se sairá mal ou ben.

-Está ben. -Di Adrián, pouco convencido.

-Agora. -Di Sebastián polo *walkie-talkie*.

No segundo todo o edificio está rodeado por axentes de policía, a xente na sala comeza a poñerse moi nerviosa, ata que...

-Agora. -Escoitase de novo, pero esta vez non é Sebastián, esta vez é unha muller quen o di, e esta vez ese agora non trae nada bo.

Aparece unha muller cos ollos brancos sen pupilas, de pé mirando cara a eles con un sorriso.

-Baba Yaga!!! -Di Vítor atemorizado.

-Esa non é Baba Yaga. -Di Uxía. -Unha vez tiver unha visión dela, aquí, por iso me resultaba familiar este sitio, agora o recordo.

-É que non me escoitastes? -Volveu falar a muller. -Agora! Escóitase un disparo, un disparo que vai directo a... Uxía. A rapaza cae ao chan, morta.

-Uxía!! -Din Adrián e Vítor ao unísono.

A ira e a dor percorren todo o corpo de Adrián; el e mais Vítor están de xeonllos fronte o corpo de Uxía mentres Sebastián intenta consoalos, a muller mira todo cun

sorriso no rostro, algo que fai que Adrián sinta máis ira aínda. E sente un baleiro que non sentía dende que morreu a súa nai, pensaba que nunca máis ía volver a experimentar esa horrible sensación, pero aí estaba outra vez o baleiro atormentándoo. De repente, a pistola que fora do seu pai foi moi tentadora, con só apertar o gatilho, a súa dor desaparecería; pero entón recordou a Vitor, a súa tía Begoña, a seu tío Emilio, a Sebastián, e pensou: «Que farán eles sen min?». E esas persoas foron as que impediron que se fose.

Entón, debaixo das súas mans notou movemento, non o podía crer, Uxía estaba viva! Os catro abrazáronse fortemente.

-Moi ben, Adrián, superaches a proba. -Falou a muller.

-Que proba? De que estas falando? -Contestoulle el.

-A proba de se ti tamén naceras cos dons curativos, coma eu e a miña irmá Branca, sobriño.

-Sobriño? A miña nai e o meu tío nunca me contou nada de que tivese unha irmá, non cho creo.

-Pois deberías, por iso tiven que matala, era un estorbo ter a alguén co mesmo don ca min, Emilio tivo a sorte de non nacer co don, senón agora tamén estaría morto. Foi un pouco doloroso asasinar a miña propia irmá. En realidade, non, levabámonos fatal. -Di a muller sen quitar o sorriso da cara.

-Ti mataches a miña nai?! -Di Adrián, furioso.

-Si, acábocho de dicir.

-Es a líder dos Espadachíns? -Pregunta Sebastián.

-Xusto. Para ser un policía de pobo non o fas nada mal.

-Supoño que cando asasinaches a miña nai andabas con moito coidado, vixiando as túas costas. -Di Adrián.

-Si, claro.

-E por que agora non? -Pregunta Adrián, agora el co sorriso na cara.

-Como...?

E aparece Vítor por detrás, quen se escaqueara mentres falaban coa irmá de Branca e Emilio, cunha espada na man, e córtalle a cabeza. A súa cabeza roda polo chan, agora sen o sorriso, deixando un rastro de sangue. Os axentes deteñen a todos os invitados da festa. E aquí acaba todo, Uxía non ten visións (por agora), Vítor xa non lle ten medo a Baba Yaga despois de cortarlle a cabeza a alguén peor, Sebastián ascende a comisario principal e Adrián leva unha vida normal cos seus tíos.

Podían escoller entre a vida e a morte, e Adrián, Uxía, Sebastián e Vítor escolleron a vida.